

A **Ilustración** é a corrente intelectual de pensamento que se desenvolveu en Europa no **século XVIII** baseada no corpo doutrinal dun grupo de filósofos, na súa maioría franceses, que facía énfase na **razón** e na **ciencia** como formas de explicar o universo. Foi un dos movementos impulsor do **capitalismo** e da **sociedade moderna**. Tivo unha dinámica rápida nos países protestantes e máis lenta nos demais estados da Europa.¹ Os ilustrados baseábanse no estudo experimental do mundo, coa pretensión de coñecer o mundo onde habitan e nos seus escritos daban a coñecer o aprendido e sometían a crítica racional todo o coñecemento anterior.

Neste contexto ideolóxico e estando inmersa a lingua nos chamados Séculos Escuros, comezou un proceso de **construción e recuperación da conciencia da personalidade histórica, cultural e económica do reino de Galiza** da man dos ilustrados galegos, persoeiros de letras que entendían a Galiza como unha sociedade diferenciada e como un reino cunhas necesidades específicas. **Denuncian** o estado de atraso económico, social e cultural de Galicia e **propoñen solucións** para mellorar o sistema produtivo. Fúndanse sociedades como a **Academia de Agricultura do Reino de Galicia** (1765) e as **Sociedades Económicas de Amigos do País** (1784). Culturalmente, **defenden a lingua** e o seu uso na escola. Malia iso, os seus escritos en prosa están en castelán, se ben algúns deixáronnos algunhas mostras de poesía. Os dous ilustrados máis importantes en Galicia polo volume dos seus escritos e pola importancia dos seus estudos son **o padre Feixoo** e **o padre Sarmiento**.

Frei Benito Xerónimo Feixoo, **o padre Feixoo**, non nos deixou escritos en galego aínda que foi un gran defensor da lingua, negando a súa condición de dialecto do castelán e equiparándoa a outras linguas romances.

O padre Sarmiento foi profesor de Teoloxía e seguidor de Feixoo. Defendeu a lingua e a cultura galegas e propoñía que se ensinase o galego na escola, criticou a castelanización da Igrexa e a introdución de funcionarios de fóra. De entre os moitos traballos dedicados ao estudo da lingua, destacan os de lexicografía (estudo do léxico) e os de historia natural (particularmente sobre a flora galega e as súas denominacións). Algunhas das súas obras son: *Sobre el origen de la lengua gallega*, *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* e *Onomástico Etimológico de la lengua gallega*. En lingua lagega escribiu as 1201 cuartetas do **Coloquio de 24 gallegos rústicos**, que deixou sen rematar, obra feita coa intención de mostrar as características léxicas do noso idioma.

Outros ilustrados e ilustradas son: **Anselmo Feixoo Montenegro**, irmán do padre Feixoo, que compuxo un poema de 15 quintillas en galego e unha “glosa” en galego; **Plácido Feixoo Montenegro**, tamén irmán do padre Feixoo, que deixou unha glosa en galego; **Xosé Andrés Cornide Saavedra** fixo diversos traballos de lexicografía e conservamos tres poemas seus en galego; **Diego Antonio Cernadas e Castro**, o cura de Fruíme, escribiu 15 composicións en galego, maiormente de carácter satírico ou poesía de circunstancias; **María Francisca de Isla e Losada**, que foi unha das mulleres máis ilustres do século, exerceu como conselleira do arcebispo de Santiago e foi membro da Academia de Boas Letras do Porto, escribiu poesía e prosa en castelán pero deixou en galego só unha obra de carácter humorístico, o “Romance ao señor abade de Fruime”, xa que antes de morrer mandou queimar as súas obras inéditas; e por último, **o padre Sobreira**, estudoso do idioma que iniciou un dicionario de galego que só chegou ata o B.

O labor de interese e defensa da lingua feito polos ilustrados permitirá un cambio de conciencia que implicará o inicio do Rexurdimento no século seguinte.

¹ <http://gl.wikipedia.org/wiki/Ilustración>